

## Asociacións Culturais

### CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS



*Actuación dos membros fundadores da Coral, que permanecen en activo, dentro do acto de conmemoración do XXII Aniversario, no Edificio Arquivo. De esquerda a dereita e de arriba abajo, D. Manuel Regueiro Fernández, D. José López González, D. Carlos Álvarez López, D<sup>a</sup> María del Carmen Campillo Casal, D<sup>a</sup> Elvira Martínez Couceiro, D<sup>a</sup> María Barral Rivas, D<sup>a</sup> Encarnación Sanjurjo Pérez, D<sup>a</sup> Mercedes Vales Castro e o Director e fundador, Don Manuel López Castro. Fotografía de Fersal.*

#### Actividades culturais:

A Coral Polifónica de Betanzos, sociedade cultural legalmente constituida, ademais de levar a cabo o seu fin principal que é o cultivo da arte musical, cada ano organiza diversas actividades culturais, artísticas, musicais e sociais con motivo do Aniversario da súa Fundación: Festa da Primavera, Pregón da Semana Santa, Día das Letras Galegas, Romaría dos Caneiros, Festas Patronais, Festival de Santa Cecilia, Festas do Nadal, intercambios culturais con outras corais e asociacións, etc.

-O 9 de marzo de 1990, con motivo do Aniversario da Fundación da Coral, fixose a presentación no Edificio Arquivo do

*Libro-memoria do XX Aniversario da Coral*, a cargo do musicólogo P. López Calo, actuando a continuación a Coral: na primeira parte interviron os membros fundadores que ainda permanecen na Coral; na segunda, a Coral ó completo.

-O 15 de marzo tivo lugar a Festa da Primavera, coa actuación do Grupo de Baile da Asociación "Santo Domingo" de Betanzos e o reparto de flores ás mulleres polas rúas da cidade.

-O 6 de abril, na igrexa de Santo Domingo, foi pronunciado o Pregón da Semana Santa por parte de D. César Álvarez Vázquez, Magistrado Xuiz da Coruña. A continuación a Co-

ral dou un concerto de música sacra.

-O 25 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, realizouse un acto-homenaxe a Luis Pimentel: concerto de música galega pola Coral e semblanza de Pimentel con recitado dalgúnsas das súas poesías.

- O 29 de xullo, no campo dos Caneiros, romaría para os compoñentes e socios protectores.

-O 10 de agosto, con motivo das Festas Patronais, concerto de verán na igrexa de Santiago coa actuación da Agrupación Musical Albéniz da Coruña, a Coral Polifónica de Betanzos e conxuntamente as dúas colectividades musicais, estrenando a canción *Baccanale* de O. di Lasso.

-Do 17 ó 30 de novembro tivo lugar a celebración do Festival Santa Cecilia na súa XXII edición, cos seguintes actos: Concurso Literario Xuvenil para mozos e nenos; o 17 na igrexa de Santo Domingo, concerto da Coral Polifónica de Cariño; o 20, concerto de jazz a cargo do Chamber Brass Ensemble-Prague, de Checoslovaquia; o 22, na igrexa de Santo Domingo, Misa Solemne en honor de Santa Cecilia, Patrona de músicos e cantores, cantada pola Coral e celebrada por D. Rafael Taboada, Abade da Colexiata da Coruña; o 30, no Cine Alfonsetti, entrega de premios ós gañadores do XVII Concurso Literario Xuvenil e proxección da película "Los Rescatadores" de Walt Disney.

#### Actuacións:

##### MARZO

Día 9: Concierto no Edificio Arquivo con motivo da presentación do *Libro-memoria do XX Aniversario da Coral*.

Día 18: Concierto en Ferrol, con outras corais, dentro da Festa das Pepitas, nunha carpeta instalada na praza da cidade.

##### ABRIL

Día 6: Concierto de música sacra na igrexa de Santo Domingo, con motivo do Pregón da Semana Santa.

Día 27: Na igrexa de Santo Domingo participou no funeral polo Presidente da Sociedade R.C. y R. de Betanzos, Don Andrés Gómez Dopico, e da súa esposa, Dona "Tita" Otero Vázquez, falecidos en accidente de circulación.

##### MAIO

Día 19: Concierto no Liceo Casino de Noia

con motivo do Día das Letras Galegas.

Día 25: Concierto na igrexa de Santo Domingo con motivo do Día das Letras Galegas. XUNO

Día 24: Na catedral de Lugo, Misa cantada pola Coral con motivo de presentar Betanzos a Ofrenda ó Santísimo no nome do Antigo Reino de Galicia.

##### XULLO

Día 20: No Cine Avenida das Pontes, concerto con motivo dun encontro de corais, dentro das Festas Patronais.

Día 24: Concierto en Cariño con motivo dun intercambio cultural.

Día 27: Na igrexa de Santo Domingo con motivo das actividades culturais do verán de 1990.

##### AGOSTO

Día 10: Concierto de verán na igrexa de Santiago, conxuntamente coa Agrupación Musical Albéniz.

Día 15: Misa cantada en Santa María do Azougue, na festa da parroquia.

Día 16: Misa cantada na igrexa de Santo Domingo na Función do Voto en honor a San Roque.

Día 19: Misa cantada na igrexa de Bergondo con motivo das Festas Patronais.

##### SETEMBRO

Día 2: Misa cantada na igrexa de Ambrosio nas Festas Patronais.

Día 8: Misa cantada na igrexa de San Nicolás da Coruña con motivo dunha boda.

Día 9: Misa cantada na igrexa de Verines nas Festas Patronais.

##### NOVEMBRO

Día 22: Misa cantada en honor a Santa Cecilia na igrexa de Santo Domingo con motivo do XXII Festival de Santa Cecilia.

Día 24: Encontro de corais na Sociedade R.C. y R. de Sada con motivo do Festival de Santa Cecilia.

##### DECEMBRO

Día 15: Concierto na Aula Municipal de Cultura con motivo da súa inauguración.

Día 20: Actuación no "Colegio de Nuestra Señora del Sagrado Corazón" para as nenas e relixiosas residentes.

Día 22: Actuación na Casa de Cultura en Catoira con motivo do X Aniversario da Coral Raíces de Catoira.

Día 24: Misa cantada de Noite Boa na igrexa de Santo Domingo.



*Don Andrés Gómez Dopico, Presidente Fundador da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Betanzos, finado en compañía da súa esposa, Dona "Tita" Otero Vázquez, nun desgraciado accidente de automóvil o 15-IV-1990. Fotografía de Faraldo.*

---

## SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE BETANZOS

---

Segundo os datos que nos proporciona esta institución, parece evidente que 1990 foi un ano de feitos relevantes. Por de pronto, passouse de 440 a 763 socios. É de destacar a nivel xeral a repetición e conseguinte institucionalización de certas actividades como son os cursos de longa duración (manualidades, cestería, flauta e escola de axedrez), as festas so-

ciais (bailes de Antroido, infantís e de maiores, sardiñada, magosto, ...) e outras (Concurso Literario, Campeonato de Axedrez, Xornadas de Cine, ...).

Este ano comenzouse o disfrute do novo local social, sito no antigo convento de Santo Domingo. Conta con amplia cafetería, salas de lectura, ping-pong, cursos, xuvenil, tv. e vídeo e unha gran sala de estar. Isto débese ó Concello de Betanzos, que cedeu estes espacios temporalmente ata a definitiva ubicación da Sociedade nas antigas "Escuelas García Hermanos", actualmente en fase de rehabilitación.

Tamén houbo acontecementos dolorosos, como foi o desgraciado accidente de tráfico (15-IV-1990) que acabou coa vida do Presi-

dente Fundador, Don Andrés Gómez Dopico, e da súa esposa, Dona "Tita" Otero Vázquez. Segundo palabras do actual Presidente, Don Antonio Gómez Iglesias Casal El fora o verdadeiro e insustituible artífice e impulsor da institución.

Foron momentos de fonda tristura non só para a Sociedade, senón tamén para toda a cidade, posto que eran persoas moi coñecidas e queridas. Como consecuencia, máis de catro mil persoas asistiron ó enterro no medio dun silencio ben elocuente da dor de todos. O seu legado, como nos di o actual Presidente, é a nosa sociedade, a de todos, a de Betanzos.

Por imperativos da circunstancias, pois, culminou o ano coa apertura do proceso electoral á Presidencia da Sociedade, a finais do mes de novembro, sendo eleixido Don Antonio Gómez-Iglesias Casal, rematando así a situación de interinidad existente desde a desaparición do primeiro Presidente.

#### *Actividades más relevantes:*

##### XANEIRO

-Comenza a participación dun equipo da Sociedade no Campeonato Provincial de Axedrez.

-Participación na liga oficial de Xockey a Patíns, con dous equipos: un Xuvenil e outro de Alevíns.

-Continúan os cursos de manualidades, axedrez e flauta, iniciados en outubro e que se viron interrumpidos polas festas do Nadal.

##### FEBREIRO

-Celebráronse os actos de inauguración do novo local social, que consistiron na bendición do mesmo por parte do Rvdo. D. Manuel López Castro, diversas intervencións orais, destacando a importancia do evento, e o obsequio dun viño español para tódolos presentes, rematando coa solta de 700 pombas mensaxeiras desde o adro de Santo Domingo. Ó acto asistiron unhas 500 persoas, destacando a presencia do Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, acompañado de varios concelleiros, o Ex-Presidente da Deputación Provincial, D. José Manuel Romay Beccaría, ...

-O día 26, luns de Antroido, celebrouse por primeira vez o Baile de Antroido para maiores nos locais da pista Rey Brigo, con participación de numeroso público.

##### MARZO

-O Domingo de Piñata (día 4) celebrouse,

por segunda vez na curta historia da Sociedade, o Baile Infantil de Disfraces, nos locais do restaurante Muiño Roxo.

-Incorpórase á nova Xunta Directiva un novo membro: Don Maximino Duarte Codesido.

##### ABRIL

-A principios de mes comenza un curso de cestería impartido polo betanceiro D. Manuel Lauda Arcay, como experiencia na recuperación da arte do vimbio.

-Día 15: Como consecuencia do terrible accidente do Presidente e esposa, desde a tarde dese día e o seguinte (data do enterro), pecháronse os locais da Sociedade. O día 17, o resto dos membros da Xunta Directiva reúnense con urxencia e acordan propoñer á Asamblea de Socios que, con carácter temporal e ata as eleccións de novembro, continúe a actual Directiva, que quedaba remodélada da maneira seguinte:

Presidente: D. Antonio Gómez-Iglesias Casal  
Secretaria: D<sup>a</sup> Rosa Isabel Lauda Brandariz

Tesoureiro: D. Maximino Rey Otero

Vicesoureira: D. Enrique Alonso Sanmartín

Vocais: D. José Luis Abarregui Arias

D. Manuel Lugilde Díaz

D<sup>a</sup> Emilia Teijo Domínguez

D. Francisco Martínez García

D. Pedro Galán Teijeiro

D. Jorge Pereiro Lendoiro

D. Maximino Duarte Codesido

-Día 27: A instancias da Sociedade celébrase unha Misa na igrexa de Santo Domingo polo Presidente finado e pola súa esposa. Foi oficiada polo Rvdo. D. José Fidalgo Santamaría, intervindo a Coral Polifónica de Betanzos, que manifestou así a súa solidaridade con esta institución.

-Realízase unha excursión, especialmente dirixida ós nenos, ó Planetario da Coruña e á Casa das Ciencias. Esta visita permitiu programar tódolos sábados, proxeccións de cine científico en colaboración coa Casa das Ciencias.

##### MAIO

-Mostra de debuxos de Xaquín Marín nos locais do Edificio Arquivo, con máis de cen debuxos. Á presentación, que correu a cargo do debuxante Siro López, asistiu numeroso público, estando presentes as primeiras autoridades locais

-Un equipo da Sociedade participa no III

Open Infantil de Axedrez de Montegrande.

-Ten lugar unha Asamblea Xeral Extraordinaria de Socios, que ratifica o acordo adoptado pola Xunta Directiva o 17 de abril.

Modifícanse os Estatutos Sociais, no que se referían á elección da Xunta Directiva.

Noméanse Socios de Honra a Dª Elena e a Dª Luisa Gómez Otero, fillas do finado Presidente.

#### XUÑO

-Organízase unha mostra dos traballos realizados polas alumnas do curso de manualidades, con obras de gran valor artesanal.

-Celebrouse o Concurso Fotográfico "Fotonoventa" coa participación de 42 participantes, que percorreron as rúas da cidade na percura de imaxes dos seus rincóns e da xente.

#### XULLO

-Acórdase pola Directiva a informatización das oficinas da Sociedade, que implica a adquisición inicial dun ordenador.

-O día 7 celébrase a II Festa Social do Verán (sardiñada) no recinto da Feira de Bellavista, coa asistencia de máis de cincocentas persoas. Houbo unha actuación musical e a elevación dun globo de papel.

-O derradeiro sábado do mes realizouse por primeira vez unha Cea-Baile social nos locais da Pista Rey Brigo, que durou ata altas horas da madrugada.

#### AGOSTO

-Mostra no Edificio Arquivo de fotografías seleccionadas no Concurso Fotográfico "Fotonoventa", coa entrega oficial de premios.

-III Concurso Literario Cidade de Betanzos, baixo o tema "Fiestas y Romerías de Galicia", no que acadou o primeiro premio o escritor coruñés D. Manuel Riveiro Loureiro, coa obra "Vilavella festeira das Mellores a Primaveira".


-XI Campeonato de Axedrez Cidade de Betanzos, os días 14 e 15, nos locais sociais, coa concurrencia de mestres nacionais e internacionais.

#### OUTUBRO

-Comenzan co curso escolar os de manualidades, flauta, cestería, axedrez e gaita galega.

-Acórdase participar na Lotería de Nadal co nº 63.367, que resultaría agraciado coa "pedra".

-Excursión social a Ourense, Ribadavia e Carballiño, coa visita ás bodegas de Pazos-



D. Antonio Gómez-Iglesias Casal

Ribeiro.

#### NOVEMBRO

-Día 10, II Festa Social de Outono (magosto), nos recintos da feira de Bellavista, coa asistencia dunhas seiscentas persoas.

-Día 17, nos locais sociais, presentouse o libro *La televisión dominada*, do betanceiro D. Francisco Iglesias González.

-Días 20, 21 e 22, Xornadas de Cine, coa proxección de diversas películas de recoñecida calidade.

-O día 26, ábrese o período electoral á Presidencia da Sociedade.

#### DECEMBRO

-Mostra de pinturas de D. Antón Lizarruri Rosende.

-Mostra de traballos do curso de manualidades, realizadas este trimestre.

-Mostra de traballos presentados ó Concurso Infantil de Postais de Nadal. As tres mostras realizarónse no Edificio Arquivo.

-III Torneo Infantil de Axedrez.

-II Torneo de Nadal de Xockey.

-Charla-demostración de Adornos návidos, a cargo da profesora de manualidades Dª Mercedes Ruíz Díez.

-Día 14: Elíxese en Asamblea de Socios a D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, novo Presidente da Sociedade, que conta cun prazo dun mes para presentar á Asamblea a súa Xunta Directiva, para a ratificación.

---

## ASOCIACIÓN DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR"

---

### XANEIRO

Tódolos xoves ás 16,30, cursos de: manualidades, pasta rusa, cadros tridimensionais, etc. Foron dirixidos por Dona Esther Prado.

Día 16: Viaxe á Coruña ó Hotel Finisterre, onde asistiron a unha demostración de Dano-ne.

Días 23, 24 e 25 cursíños de cociña rápida a cargo de Dona Yolanda Coma da casa Nestlé.

Día 30: Charla-coloquio sobre consumo a cargo de Dona María Luisa Couceiro Seoane, Doctora en Farmacia.

### FEBREIRO

Siguen os cursos de manualidades, etc.

Día 6: Visita ó Matadeiro de Montellos.

Día 13: Conferencia ás 8 da tarde a cargo da psicóloga Dona Begoña Yáñez, sobre "Los efectos psicosociales de la menopausia".

Día 15: A cociña do Androido, por Esther Prado.

Día 22: Xoves de comadres cunha comida no restaurante "La Cueva".

### MARZO

Siguen os xoves os cursíños de manualidades, etc.

Día 7: Viaxe a Ordes onde visitaron a fábrica de punto Viriato. Seguiu unha merenda.

Día 13: Conferencia ás 8 da tarde do notario Don León López Rodríguez cunha "Charla sencilla del Derecho Práctico".

Día 15: Curso de cociña, dirixido por Esther Prado.

Día 28: Visita á fábrica de Coca-Cola.

### ABRIL

Siguen os cursos dos xoves.

Día 4: Excursión a Portugal.

Día 18: Conferencia ás 8 da tarde a cargo de D. Alfredo Erias Martínez, arqueiro-bibliotecario do Concello, sobre "A evolución urbanística de Betanzos".

Día 19: Curso de cociña ...

Día 21: Visita á T.V.G. para ver grabar o programa "A Reoca".

Días 23 ó 27: Viaxe a Madrid, Toledo,

Aranjuez, Segovia, El Escorial, Valle de los Caídos ...

### MAIO

Siguen os cursos dos xoves.

Día 3: "Día Provincial del Ama de Casa" nas Pontes de García Rodríguez.

Días 9, 10 e 11: Cursíño realizado por Fenosa baixo a dirección do Sr. Mariño.

Día 15: Concurso infantil de contos en galego, para tódolos nenos de E.X.B.

Día 18: Dentro do Día das Letras Galegas, e en colaboración co Concello de Betanzos, tivo lugar unha conferencia na Aula de Cultura de Caixa Galicia a cargo de Don Ezequiel Pérez Montes, periodista e presidente da Asociación da Prensa Coruñesa.

Día 23: Viaxe ás Pontes onde visitaron Endesa (Empresa Nacional de Electricidade) e as minas ...

Día 24: Curso de cociña ...

### XUÑO

Día 5: Viaxe ás illas de Ons.

Día 12: Charla de Dona Xulia Palacino Núñez sobre o tratamento de piel.

Día 23: Romaría fin de curso en Espenuca.

### XULLO

Día 6: Ás 8 da tarde tivo lugar a inauguración do novo local social da entidade, por parte do Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez.

### NOVEMBRO

Tódolos luns e xoves, curso de manualidades ás 16,30.

Día 8: Conferencia do profesor de Arqueología da Universidade de Zaragoza, Don Manuel Martín Bueno.

Día 9: Misa funeral polas socias finadas, na igrexa de Santo Domingo.

Día 14: Excursión a Santiago.

Día 15: Curso de cociña ...

Día 17: Desfile de modelos, ás 20 horas, para recaudar fondos para a Asociación. Collaboraron diversos comercios de Betanzos: Crespo, Zepelín, Ideas, Miriam, Todo Deporte, Lula, Peluquería Capri; D'nenes, Xeitosos, e Seleccións. Os modelos foron persoas da cidade.

Día 20: Conferencia, ás 8 da tarde, a cargo do Doctor Don Jesús Gundín Hurtado, sobre as enfermidades nerviosas.

### DECEMBRO

Tódolos luns e xoves sigue o curso de manualidades.

Día 12: Excursión á Coruña, onde visitaron o Kiosko Alfonso.

Día 19: Concurso de villancicos con motivo das festas de Nadal. Déreronse tres premios de 25.000, 15.000 e 10.000 pts.

Día 20: Curso de cociña de Nadal.

Día 21: Con motivo das festas do Nadal, organizouse unha conferencia na Aula de Cultura de Caixa Galicia, en colaboración co Concello, a cargo do profesor de Galego do Instituto de Betanzos, Don José M. Montero Gómez.

---

## AGRUPACIÓN DA ARTE E A CULTURA POPULAR "INZAR"

---

Esta "Agrupación", que preside Don Ricardo García Gondell, escomenzou as súas actividades do ano con cursíños no Edificio Arquivo (Liceo) de Iniciación á arte popular:

Marzo: do 5 ó 16, Modelado en cerámica. Do 19 ó 23, Debuxo arqueolóxico.

Abril: do 26 de marzo ó 3-7 de abril, Pintura ó óleo. Do 16 ó 21, Pintura ó pastel

Maio: do 23 de abril ó 7 de maio, Talla en madeira e corno.

Xuño: do 2 ó 7, Debuxo artístico.

Mostras (todas elas patrocinadas polo Concello de Betanzos) e outras actividades:

-VI MOSTRA DA ARTE E A CULTURA, no Nadal e Aninovo 89-90.

-VII MOSTRA, adicada ó Día das Letras Galegas: do 19 ó 31 de maio.

-VIII MOSTRA: exposición de máis de cien obras entre pinturas ó óleo, pastel, acuarela, debuxo e talla en madeira. Tivo lugar do 14 de agosto ó 31 no edificio Arquivo. Realizouse paralelamente un concurso de debuxo infantil o día 19 de agosto.

-Excursión ó Museo do Castro en Sada.

---

## A Banda municipal de Betanzos

---

**Q**uerendo voltar á antiga Banda Municipal de Betanzos que desapareceu hai vinte-

cinco anos, "refúndase" a nova Banda Municipal de Música de Betanzos por iniciativa entre outros, de "Pachico", concelleiro de cultura, Carlos "O Chapa", compositor que estivo moitos anos en Arxentina traballando no Centro Galego de Bos Aires e Antonio Cal Puertoños, gran músico e actual director da Banda. A inauguración foi no mes de febreiro do ano pasado nas Escolas Municipais de San Francisco, onde estivemos a ensaiar ata o vinteito de xaneiro deste ano, data na que comenzamos a ensaiar no Liceo, antigo Edificio Arquivo do Reino de Galicia.

Os instrumentos foron comprados polo Concello e prestados ós alumnos, agás os que xa tiñan instrumento. Son de primeiras marcas: "Buffet", "Konn", "Noblet", "Júpiter"... Hai instrumentos de vento de tódalas familias e tamén unha completa familia de percusión: oito clarinetes e un requinto, dous oboes, seis flautas, un piccolo ou flautín, unha familia completa de saxofóns, catro trompetas e dous fliscornos, tres trombóns, dous bombardinos, unha tuba ou baixo, dúas trompas e un elocón.

A maioría dos estudiantes xa tiñamos estudios musicais no Conservatorio, e os que non, comenzaron este ano cunha subvención do Concello consistente en dúas mil pesetas.

Actualmente somos corenta alumnos, ainda que día a día vanse unindo máis músicos, de idades comprendidas entre os sete e os sesenta e... Algúns son profesionais como os da charanga "NBA" ("Nunca Bebemos Auga") e os da "Antonio Cal Jazz Band".

O noso estreno foi no Nadal, nun concerto de tódolos alumnos do Conservatorio. Foi no Auditorio da cidade brigantina. Os de piano tocaron cada unha peza, os de guitarra a dúo ou solos, e nós, todos xuntos, tocamos unha serenata de Joseph Haydn. Esta actuación fixo lembrar a moitos maiores a antiga banda. Tamén tocamos o Luns de Antroido e o Mércores de Cinza, e andivemos polas rúas más importantes, a maioría de nós (eu tamén) disfrazados.

Está en proxecto unha actuación no mes de maio pero agárdase entrar en "servicio preno" nás festas patronais de San Roque 91.

Actualmente estamos a preparar os exames do Conservatorio e o concerto de maio.

*José Luis Casal Castro*

---

## AGRUPACIÓN MUSICAL "CARLOS SEIJO"

---

### MAIO

Día 26: Actuación na igrexa parroquial de Santiago con motivo da ceremonia matrimonial da señorita Rita Suárez Fernández, filla do Presidente da Agrupación, D. Juan Suárez Barros.

### XUÑO

Día 26: Concerto no Teatro "Pastor Díaz" de Viveiro (Lugo) dentro dos actos conmemorativos do Primeiro Centenario da morte de D. Luis Trelles y Noguerol, fundador da Adoración Nocturna Española.

### AGOSTO

Día 6: Concerto na igrexa de San Salvador de Bergondo, con motivo das Festas Patronais.

Día 13: Concerto na igrexa de Santo Domingo de Betanzos, patrocinado polo Concello e dentro das Festas Patronais.

### OUTUBRO

Os integrantes desta Agrupación xuntáronse no restaurante "Los Arcos", da cidade, para render unha homenaxe a Don Manuel Fernández Rosende, "alma mater" da Agrupación "Carlos Seijo", con motivo da súa xubilación como funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

### NOVEMBRO

Día 17: Concerto no Círculo Mercantil de Neda.

### DECEMBRO

Día 15: Concerto na Aula Municipal de Cultura de Betanzos, con motivo da súa inauguración.

Día 28: Concerto na Aula de Cultura de Caixa Galicia, en Betanzos, como homenaxe á terceira idade.

o X Aniversario, realizou as seguintes actividades:

En primeiro lugar hai que suliñar o traballo diario na Escola de Ciclismo onde se ensina e prepara os rapaces e mozos que integran o equipo, dentro das categorías de: Féminas, Principiantes, Alevíns, Infantís e Cadetes.

Realizáronse diversas *gimkanas* infantís na Praza García Irmáns.

Durante os domingos do mes de abril fixéronse as MARCHAS POPULARES DE PRIMAVERA nas que cerca de 200 aficionados, entre nenos e maiores, percorreron as principais rúas brigantinas.

Na sección de Cicloturismo realizáronse saídas-paseo tódolos domingos e marchas a Monfero e Sobrado dos Monxes, visitando os mosteiros e facendo unha comida de campo.

En novembro organizaron o popular Magosto na praia de Miño e, finalmente, a tradicional MARCHA CICLOTURISTA A CABANAS coa conseguinte comida campestre, que nesta ocasión por mor do mal tempo tivo lugar nas dependencias da Feira de Bellavista, onde máis de 600 persoas disfrutaron dun ambiente fraternal.

### Actividades sociais:

-No mes de maio celebrouse a Asamblea Xeral de Socios.

-Nese mesmo mes tivo lugar a Cea Social na Pista Rey-Brigo coa participación de máis de 500 persoas, rematando cun animado baile.

-Tódolos socios participaron no sorteo de Nadal.

### Organización de probas ciclistas:

-X Premio Inauguración na categoría Escola.

-IX Volta Ciclista á Comarca Brigantina.

-XXI Gran Premio Cidade de Betanzos.

-Campeonato de Galicia crono-equipo aficionados.

-Campeonato de Galicia de Fondo en Carreira para aficionados.

-VII Gran Premio Concello de Betanzos de ciclo-cross.

-Participación do equipo ciclista na maior parte das probas celebradas en toda Galicia, cun número moi aceptable de bons resultados, que levaron a clasificar e seleccionar cinco corredores do Club para formar parte do equipo representativo de Galicia nos Campeonatos

---

## CLUB CICLISTA BETANZOS

---

Un ano máis e coa idea de seguir inzando o amor polo ciclismo, este Club, que celebrou



*Día da Muíñeira en Betanzos, organizado por "Pasiño a Pasiño" o día 2 de xuño de 1990.*

de España. Foron os nosos ciclistas:

Agustín Ares Domínguez e José Manuel Sanjurjo Maroño como integrantes da Selección de Galicia para os Campeonatos de España de Fondo en Carretera, para xuvenís, celebrados en Logroño.

José Manuel Sanjurjo Maroño e Javier Rey Fernández, en categoría xuvenil, e Antonio García Varela en categoría cadete, para os Campeonatos de España de Ciclo-Cros, celebrados en San Sebastián.

---

### AGRUPACIÓN "PASIÑO A PASIÑO"

---

Comenzan as actuacións de "Pasiño a Pasiño" no mes de xaneiro, no día de maior ilusión para os nenos, o Día da Cabalgata de Reis.

O día 22 de abril participaron un ano máis na Festa do Viño.

Ó longo de todo o verán o Grupo de Gaitas e Bailes andivo por diversas parroquias da bis-

barra, actuando nas suas festas.

O 2 de xuño, como ven sendo habitual tódolos anos, Pasiño a Pasiño celebra o V Día da Muíñeira, que este ano contou con máis de trinta asociacións e un total de 1.500 mozos participantes.

Unha vez máis, neste caso o 24 de xuño, viaxaron a Lugo coa Corporación Municipal para face-la Ofrenda ó Santísimo.

O Día do San Roque, 16 de agosto, bailaron unha das danzas que con maior orgullo levan no seu repertorio: A Danza dos Zapateiros.

Con esta mesma danza participaron o 26 de agosto na 1ª Mostra Folklórica Popular de Betanzos, na que participaron grupos de España e Portugal.

O 16 de setembro bailaron na súa parroquia de orixe, dentro da romaría da Angustia.

Como tódolos anos esta asociación fixo unha visita á Residencia García Irmáns e ás "Hermanas Hospitalarias del Sagrado Corazón de Jesús".

O 15 de decembro participaron na inauguración da Aula Municipal de Cultura de Betanzos, abrindo a serie de actuacións.



### CLUB "COSTA VERDE"

Neste ano de 1990 o Club "Costa Verde" de radioaficionados cumplió 10 anos, pasando dos 20 socios fundadores ós 80 actuais. Parece ser que é o club máis antigo de Galicia. Os seus obxectivos son os de colaborar con calquer institución na realización dos seus programas de actividades (caso do Club Ciclista, por exemplo) ou mesmo auxiliar no que sexa preciso a quen o precise, en situacións de emergencia.

O seu local social sitúase no antigo Hospital de San Antonio, se ben aspiran a poder instalarse nunha zona máis alta da cidade.

As actividades nas que participaron este ano foron as seguintes:

6 de xaneiro, entrega de xoguetes a nenos necesitados.

14 de xaneiro, "I 12 Horas de Radio Cidade de Betanzos".

24 de febreiro, "II Cacería Nocturna Costa Verde".

28 de abril, Asamblea Xeral de Socios.

14 de xullo, "I 24 Horas de Radio Costa Verde".

5 de agosto, "V Festa Popular Costa Verde".

5 de agosto, "X Cacería del Zorro Costa Verde".

9 de novembro, Magosto.

1 de decembro, Cena Aniversario.

### "Vive a Natureza"

Cumplen-se no 1991 catro anos do Programa de Educación Ambiental "Vive a Natureza" levado a cabo entre a Delegación de Cultura e Deportes, os rapaces e rapazas e CEM. Colectivo de Educación Medioambiental de Betanzos.

Partindo duns obxectivos xerais cuxo fondo perseguimos desde que se comezou a facer o Programa, é dicir, criar actitudes positivas con respecto ao medio ambiente desde unhas relacións igualitarias e posturas críticas, por medio de actividades o máis divertidas á vez que construtivas posibes.

Este ano volcamos os nosos esforzos para conseguir maior participación do medio rural e sectores marxinados así como potenciar unha sensibilización acerca dos problemas ecolóxicos desde o medio máis cercano (Ría de Betanzos). Todo esto distribuído en varios tipos de actividades:

- Campamento de verán
- Roteiros ecológico-culturais
- Cursíños
- Obradoiros
- Colaboración coa Escola

Entre o 26 de Xullo e o 8 de Agosto tivo lugar o Campamento de Verán, que este ano foi en Laxe, onde durante 14 días os rapaces-as estiveron en contacto coa Natureza e Cultura Galega en todas as suas dimensións. Houbo ademais unha integración máis positiva que no resto dos campamentos cos rapaces-as do pobo de Laxe (xogos na auga e de contacto co Wind-surf, Olimpiada da Paz).

No verán fixeron-se varios roteiros buscando distintos ecosistemas, nos que aparte dun centro de interese concreto, tivesen algo en comun: "a auga".

En Viveiro cos máis cativos-as estivemos nunha vila mariñeira con serios problemas de contaminación procedentes dunha fábrica moi cercana ao pobo.

No Monte Pindo, en cinco días subimos a 641 m. de altitude entre rochas que parecían sacadas dunha lenda... (rochas graníticas), anduvimos polo que antes era o único río de Galicia (Xallas) que desembocaba nunha fervenza, hoxe transformado en central hidroeléctrica.

Chegamos até Carnota, onde aparte do ca-



*Campamento de Laxe. Pola manán facendo a hixiene de tendas e preparando as cousas para sair ...*

bazo, observamos as aves migratorias que estaban nas Gándaras de Caldebarcos.

En **Campo Lameiro** conectamos co noso pasado tentando de entender o que quixeron expresar os nosos anteriores con eses símbolos e figuras zoomorfas e antropomorfas, grabadas sobre pedra: os **Petroglifos**.

Camiñamos por restos de vías romanas nas que vimos o xeito de construción. No remate dunha destas vias encontramos unha ponte "Ponte Vella de San Xusto" baixo a cal comedos. Ademais o Rio Lérez gardábanos unhas expléndidas pozas para os nosos baños ...

No mes de novembro escomezaban as actividades do Programa de Inverno con cinco obradoiros: catro nas parroquias de Castro, Piadela, Xan Rozo e Tiobre e outro no Liceo adicados a Natureza e Artesanía facendo actividades moi diversas desde aprender cómo traballar cos materiais de desfeito, pasando pola técnica do cartón-pedra, tinxidos naturais ... até, aproveitando o bon tempo, sair fóra cuns mapas e búsolas e saber orientar-se, observar más detidamente o despertar da Natureza.

A finais de novembro, principios de decembro fixemos a primeira saída a **Gorgulfe**, como parte práctica do cursiño de micoloxia.

No mes de marzo fixo-se a saída ás **Covas do Rei Cintolo** (Mondoñedo) na que os rapaces-as a partires dos trece anos introducironse no misterioso e máxico mun-

do da espeleoloxía, profundizando no tema da conservación dun ecosistema tan delicado como son as covas.

A finais de abril **Buño Verdes**, dirixida esta a rapaces-as más pequenos, fumos ver como se traballa co barro ademais de ver un montón de moíños, tentando coñecer o funcionamento e tradicións que deles parten.

A **Fervenza do Beelle**, a principios de xuño onde coñecemos a bioloxía e xeoloxía dunha fervenza.

Todas estas saídas dentro dun programa de catro, pensadas para face-las más ou menos unha por estación. Os obxectivos que intentamos acadar foron: concentrar e elevar ao nivel de coñecementos distribuidos en menor número de saídas. O feito de volver a puntos onde xa estivemos tiña como obxectivo o ver un pouco a evolución (deterioro da paisaxe, na maior parte dos casos) de catro anos a esta parte.

Noutro apartado de actividades: colaboración coa escola, seguimos a traballar co seminario de segundo de EXB e ademais este ano contamos con terceiro e cuarto de EXB do Colexio Vales Villamarín.

Baseando-nos na metodoloxía da Educación Ambiental servimos de apoio no programa deseñado polos propios mestres.

En segundo, traballamos na observación dos cambios estacionais, e na interrelación de



• "Olimpiada da Paz" (Laxe). Compartindo os xogos, non competitivos, cos rapaces/as de Laxe.

dous medios: rural e urbano.

Con terceiro, fixemos unha unidade didáctica sobre orientación e o ciclo da auga.

\*\*\*

Segundo Jorge Saavedra, coordinador do terceiro nivel, foi un traballo moi proveitoso e divertido e os conceptos obxecto de estudo quedaron perfectamente fixados na mente de case todos os alumnos.

O proceso iniciouse dando-lles unha folla de papel para que, pisando sobre a mesma, debuxaran o seu propio zapato visto desde arriba (plano escala 1:1).

Con estes debuxos, unha vez recortados, fixose un mural co nome de cada alumno no seu zapato.

Na seguinte clase debuxaron a sua aula representando as mesas por rectángulos co nome do seu ocupante.

Calcularon aproximadamente cantas veces era maior en realidade que na sua folla de debuxo (concepto de escala).

Gracias aos planos do colégio, unha vez analizados polos alumnos debuxaron o corredor da planta na que se encontraban e logo o plano enteiro do edificio.

Noutra clase, recortaron estes planos, previamente pegados en cartón, e levantouse unha maqueta do colégio.

Como complemento, os mestres, confecionaron, coa axuda dunha fotografía aérea, o plano do casco urbano de Betanzos a escala

1:1.000, tamaño 60x20 cm. e logo outro de toda a zona escolar concentrada no Colégio Público, escala 1:10.000 e logo colocaron as cintas adesivas rotuladas co nome de cada alumno e os letreiros sobre as zonas en que vive cada un. Con esto, recoñecen mellor as distancias a que viven do colégio e aprecian os outros a situación da ruas na zona urbana.

En resumo, foi unha experiencia proveitosa para os alumnos.

\*\*\*

En cuarto traballamos a meteoroloxía; o estudo dun río (Mendo), e dunha graxa.

Nestes momentos está-se a concretar unha colaboración máis estreita co Seminario de Ciencias do Instituto de Bacharelato.

En canto ao material de empréstimo (tendas, sacos, mochilas) sigue a estar bastante parado, ainda que este ano, despois da saída das covas un grupo do instituto de FP coa mestra de Ciencias utilizou o material de espeleología.

De todos xeitos, todos os mércores pola tarde hai á vosa disposición no Pabellón de Deportes, unha persoa do CEM que vos pode informar.

Agradecemos un ano máis a participación de todos-as e cada un deses xa case "incondicionais" de "Vive a Natureza", tamén aos que probaron por primeira vez e aos que estades xa pensando en vir ¡ESPERAMOSVOS!

C.E.M., Colectivo de Educación Medioambiental.